Martes, 13 de novembro de 2018
Núm. 218

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Subvencións e axudas

RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO USO, FUNCIONAMENTO E ORGANIZACIÓN DO CASTELO DE SOUTOMAIOR

O Pleno da Corporación Provincial na súa sesión, ordinaria, do día 26 de outubro de 2018 adoptou, entre outros, este acordo:

O Castelo de Soutomaior constitúe un dos principais recursos turísticos da provincia de Pontevedra e do destino Rías Baixas, e a Deputación de Pontevedra puxo en marcha un proxecto de musealización do mesmo tendo en conta a súa contorna como é o seu xardín e a súa camelia. Este proxecto de musealización do Castelo de Soutomaior xa está rematado e a par dese traballo fóronse definindo a prestación dos servizos ou a realización das actividades que se van a desenvolver no mesmo.

Resultando que o Pleno da Deputación Provincial de Pontevedra, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de abril de 2018, acordou aprobar inicialmente a ordenanza reguladora do funcionamento, uso e organización do Castelo de Soutomaior.

Resultando que este acordo plenario de aprobación inicial da Ordenanza reguladora do funcionamento, uso e organización do Castelo de Soutomaior, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, someteuse a información pública polo prazo de trinta días hábiles, mediante un anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de data 18 de maio de 2018, así como na páxina Web e no taboleiro de anuncios da Deputación de Pontevedra, para que aqueles que se tiveran por interesados puideran presentar as alegacións, reclamacións e suxestións que estimaran procedentes durante o período de exposición.

Resultando que durante o período de exposición pública o representante legal de Ramysan Restauración SL, D. Jose Ramón Ramos Tetilla, a través de escrito que tivo entrada na sede electrónica da Deputación de Pontevedra o día 29 de xuño de 2018, co número de rexistro WEB2018005660, presenta alegacións o acordo plenario de aprobación inicial da ordenanza reguladora do funcionamento, uso e organización do Castelo de Soutomaior.

Resultando que con data 14 de setembro de 2018 a Xefa de Servizo de Turismo Rías Baixas emite informe en contestación ás alegacións presentadas por D. José María Ramos Tetilla en representación da mercantil Ramysan Restauración SL ó expediente de aprobación inicial da ordenanza reguladora do funcionamento, uso e organización do Castelo de Soutomaior. Dito informe foi remitido conxuntamente coas alegacións ó Secretario Xeral da Deputación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:KW8T0YA6N0O2IZZL

Visto o informe do Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra, con data 3 de Outubro de 2018, en contestación ás alegacións presentadas por D. José María Ramos Tetilla en representación da mercantil Ramysan Restauración SL ó expediente de aprobación inicial da ordenanza reguladora do funcionamento, uso e organización do Castelo de Soutomaior no que ten en conta o informe emitido anteriormente pola xefa de servizo e no que se propón a redacción dunha nova cláusula do anexo que regule as clasificacións das infraccións e as súas sancións.

En consecuencia, entendese que procede estimar a alegación referida á cláusula de incumprimento do anexo de cesión de espazos pola que se da conta da necesidade de regular a clasificación das infraccións e o réxime sancionador, polo que o Pleno de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Innovación, Promoción Económica e Turismo acorda por maioría, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG e coas abstencións do PP e do Grupo Mixto (Coalición Electoral SON) o seguinte:

1.—Estimar parcialmente as alegacións formuladas por D. José María Ramos Tetilla contra a ordenanza reguladora do funcionamento, uso e organización do Castelo de Soutomaior, no senso de desestimar todas as alegacións salvo a referida a alegación da cláusula 10 do Anexo da ordenanza.

2.—Modificar a cláusula 10 do Anexo da ordenanza.

3.—Aprobar definitivamente a ordenanza reguladora do funcionamento, uso e organización do Castelo de Soutomaior, sendo o texto o seguinte:

ORDENANZA REGULADORA DO FUNCIONAMENTO, USO E ORGANIZACIÓN DO CASTELO DE SOUTOMAIOR EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, o Castelo de Soutomaior está inmerso en un novo concepto acorde coa evolución do mercado turístico, dos canles de comercialización e do comportamento do viaxeiro. De feito, a musealización realizada en 2018 seguindo o establecido no Plan director dos Castelos de Soutomaior e Sobroso, ambos xestionados polo Centro Xestor de Turismo Rías Baixas realizado en 2015, está en función dos servizos que se deben prestar á sociedade, de acordo coa demanda actual e os principios en materia museolóxica están asumidos pola maioría de países afíns á nosa cultura e entidades internacionais especializadas nesta materia. Ase mesmo no material e xurídico amplíase o concepto de Patrimonio Histórico e aplicación do réxime de protección (Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español e Lei 5/2016, de 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia).

Nos últimos anos o Castelo e a súa contorna convertéronse nun dos recursos turísticos máis visitados da provincia de Pontevedra constituíndo un dos principais recursos turísticos da provincia de Pontevedra e do destino Rías Baixas. Feito polo cal está contemplado o Castelo e a súa contorna no Plan Estratéxico de Turismo da Provincia de Pontevedra 2017-2020.

Este proceso de cambio do Castelo de Soutomaior fai necesaria a regulación do seu funcionamento, uso e organización acorde aos servicios e actividades froito de ese cambio para

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:KW8T0YA6N0O2IZZL

o cumprimento do seu fin e da lexislación vixente. Todo iso, aconsella a o desenvolvemento de normas para a prestación dos servizos e actividades que dean flexibilidade ao procedemento e permitan un maior control, a protección do Castelo e a súa contorna, así como os recursos a empregar debéndose respectar por todos.

Artigo 1.—Obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto regular o funcionamento, uso e organización do Castelo de Soutomaior da Deputación de Pontevedra e determinar as normas dos servizos que se prestan ou as actividades que se realizan no mesmo.

Artigo 2.—Definición do Castelo de Soutomaior

O Castelo de Soutomaior, situado no concello homónimo, está rodeado dunha finca de 29 hectáreas de gran interese paisaxístico e dotado dun xardín botánico declarado de interese internacional.

As orixes do Castelo remóntanse ao século XII, con importantes reformas no século XV que o converten nunha praza forte de capital importancia nos convulsos anos da guerra dos Irmandiños. O Castelo, tal e como se coñece actualmente, é o resultado das transformacións realizadas en estilo neogótico no século XIX e das obras de restauración realizadas nas últimas décadas.

A Deputación de Pontevedra ostenta a propiedade patrimonial do Castelo de Soutomaior dende o ano 1982, ano no que sufriu unha serie de reformas que se mantiveron en certo modo ata 2017. A principios do ano 2018 lévanse a cabo unha serie de reformas e o proxecto de musealización.

Artigo 3.—Funcións e tarefas do centro xestor do Castelo de Soutomaior

Son funcións e tarefas do Castelo de Soutomaior:

- Deseño e desenvolvemento de programas educativos para todo tipo de público.
- Deseño, desenvolvemento e execución de exposicións temporais.
- Programación de actividades.
- Protexer e preservar o Castelo de Soutomaior e a súa contorna mediante o desenvolvemento de actividades non intrusivas e respectuosas co medioambiente.
- Preservación do patrimonio e a súa investigación para o coñecemento da poboación en xeral.
- Desenvolvemento de material divulgativo dirixido a visitantes e turistas.
- Realización de actividades de promoción e divulgación.
- Cooperación con outros centros similares, intercambio de experiencias e adhesións a redes.
- Calquera outra que poida desenvolverse dentro dos seus obxectivos.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:KW8T0YA6N0O2IZZL

Artigo 4.—Xestión do uso

A Deputación de Pontevedra poderá elaborar normas de uso en relación aos servizos que se prestan ou as actividades que se realizan.

Artigo 5.—Servizos e actividades

1.—Os servizos e actividades que se prestan no Castelo de Soutomaior son os seguintes:

- Visitas:
  - Autoguiada: visita libre dirixida ao público en xeral.
  - Familiar: visita libre dirixida a familias.
  - Guiada: visita dirixida a grupos en xeral, previa reserva. As modalidades que se prestan son:

    Visita ao Castelo de Soutomaior: comprende unha visita guiada na que se mostrará a exposición permanente do Castelo de Soutomaior.

    Visita ao Castelo de Soutomaior e aos xardíns: comprende unha visita guiada á exposición permanente do Castelo de Soutomaior e aos xardíns.

    Visita guiada aos xardíns: comprende unha visita aos xardíns.
  - Profesionais: dirixidas a profesionais e especialistas.
- Actividades: comprende visitas teatralizadas, obradoiros, exposicións temporais, campañas de promoción e fomento da visita ao Castelo de Soutomaior, entre outras. Distínguense as seguintes modalidades:
  - Visita autoguiada e actividade.
  - Visita guiada ao Castelo de Soutomaior e actividade.
  - Visita guiada ao Castelo de Soutomaior, xardíns e actividade.
  - Visita guiada aos xardíns e actividade.
  - Campañas de promoción e fomento da visita.
- Cesión de espazos: os espazos dispoñibles son o Salón do Tapiz e o Patio de Armas segundo as normas contempladas no Anexo.
- Venta de material divulgativo e educativo de apoio ás visitas e actividades:
  - Caderno didáctico para familias
  - Audio-guía
  - Catálogo-guía
  - Libros

2.—A determinación do calendario e horario de apertura e visitas do público establecerase de conformidade ao que sexa aprobado pola Deputación de Pontevedra e no que se establecerán tamén os días de peche técnico, necesarios para o desenvolvemento das diversas tarefas organizativas internas.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:KW8T6YA6N0O2IZZL

3.—Os servizos e actividades estarán sometidos ás taxas que se determinen e as súas normas xerais e de xestión, podéndose establecer bonificacións a determinados colectivos, grupos organizados e para o establecemento de días de visita pública gratuíta e medidas de fomento e campañas de promoción. Neste último caso, previo informe da xefatura de servizo ou órgano competente.

4.—As persoas solicitantes de cesión de mobiliario, serán responsables polos posibles danos que se ocasione no mobiliario cedidos. A solicitude destes servizos implica a conformidade coa dita asunción de responsabilidade, que será esixida, de ser o caso, tras unha valoración dos danos efectuada pola Deputación de Pontevedra.

Artigo 6.—Normas xerais e de xestión

1.—Establécese unha entrada individual xeral ao Castelo de Soutomaior, que inclúe tanto o acceso á colección permanente como ás exposicións temporais que, no seu caso, sexan coetáneas o día da visita, así como aos xardíns, con validez de un día.

2.—As entradas adquiridas non admiten devolución.

3.—De coincidir a visita ao Castelo de Soutomaior con exposicións temporais con control de aforo e acceso mediante pase de horario, o visitante deberá obter dito pase horario correspondente, segundo as normas que se establecerán para dita exposición temporal, en cada caso.

4.—A acreditación da documentación para ter dereito á non suxeición ao pago da taxa, beneficios fiscais ou tarifa reducida deberá ser oficial, válida e visiblemente actualizada en cada caso.

5.—Os visitantes menores de 14 anos non poderán realizar a visita ao Castelo de Soutomaior de forma individual, debendo ir sempre acompañados dun adulto.

6.—Será obrigatoria a solicitude e pago previo para os grupos organizados así como tamén para a cesión de espazos. A presentación da solicitude suporá a aceptación das normas de uso. No caso da cesión de espazos veñen recollidas no anexo I.

7.—Se reserva a capacidade de permitir ou non a visita en grupos organizados ás exposicións temporais ou de establecer condicións especiais de visita en grupo en canto a horarios, duración do percorrido, número máximo de integrantes do grupo, entre outros, coa intención de garantir a calidade da visita.

8.—A condición de visita a grupos organizados se concede a aqueles que estean integrados por 10 ou máis persoas. O máximo número de persoas que pode integrar o grupo será determinado pola xefatura de servizo do Castelo de Soutomaior en función do aforo, podendo en función do tamaño do grupo realizar distintos pases.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:KW8T0YA6N0O2IZZL

Artigo 7.—Estrutura orgánica

1.—A estrutura orgánica do Castelo de Soutomaior responderá ás características e ás condicións específicas e será proposta pola xefatura de servizo responsable e o Deputado delegado.

2.—A determinación e procedemento de provisión dos postos de traballo adscritos ao Castelo de Soutomaior, así como as súas funcións e características serán determinadas pola Deputación de Pontevedra, segundo corresponda na lexislación aplicable ao respecto.

Artigo 8.—Carta de servizos

A Deputación de Pontevedra fará pública a Carta de Servizos do Castelo de Soutomaior, a través da cal informará aos cidadáns e usuarios sobre os servizos e actividades que ten encomendados, sobre os dereitos que lles asisten en relación con aqueles e sobre os compromisos de calidade na súa prestación.

Artigo 9.—Cooperación e colaboración

1.—A Deputación de Pontevedra cooperará ao servizo de interese xeral e poderá acordar de maneira voluntaria a forma de exercer a súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio.

2.—A Deputación de Pontevedra promoverá a cooperación con outras administracións públicas e con outras entidades públicas e privadas para a mellora da documentación, investigación así como para as actividades de divulgación do patrimonio histórico.

Para a cooperación con outras Administracións Públicas utilizará as técnicas que estime máis adecuadas en virtude do disposto no artigo 144 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en adiante, LRXSP) e poderá subscribir os convenios que procedan, en virtude e coas características establecidas no artigo 47 e seguintes da LRXSP.

Artigo 10.—Réxime xurídico

O funcionamento, uso e organización do Castelo de Soutomaior rexerase polas seguintes disposicións legais, os seus desenvolvementos posteriores e polas demais normas de pertinente aplicación:

- Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:KW8T0YA6N0O2IZZL

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.
- Lei 7/2011, de 27 de outubro, do Turismo de Galicia.
- Lei 10/2017, de 27 de decembro, de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia.

DISPOSICIÓNS FINAIS

Primeira.

- Autorízase á Presidencia e no seu nome á/ó deputada/o delegada/o para ditar cantas disposicións sexan precisas para o desenvolvemento desta ordenanza.
- O Goberno da Deputación de Pontevedra a instancias da xefatura do servizo responsable e do Deputada/o delegada/o poderán elaborar normas de uso de desenvolvemento desta ordenanza así como a actualización das mesmas sen que supoñan unha modificación substancial.

Segunda:

- Esta ordenanza será publicada no Boletín Oficial da Provincia e non entrará en vigor ata que transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

ANEXO: CESIÓN DE ESPAZOS

Para facer uso dos espazos que se ceden no Castelo de Soutomaior e co obxectivo de crear un ambiente apropiado e a protección deste conxunto patrimonial establécense as seguintes normas de obrigado cumprimento.

1.—Espazos

Os espazos do Castelo de Soutomaior nos que se permite a cesión son:

- Salón do Tapiz: localizado na planta primeira e para uso de cerimonias civil e relixiosa, xornadas, seminarios, entre outras posibles actividades.
- Patio de Armas: localizado á entrada ao Castelo. Este espazo é accesible para persoas con discapacidade ou mobilidade reducida.

A Deputación de Pontevedra non asumirá ningún gasto extra que a actividade xere. Ase mesmo, pon a disposición certo mobiliario o cal pode ser solicitado segundo o modelo normalizado e a posibilidade de ter ou non conexión ao subministro eléctrico.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:KW8T0YA6N0O2IZZL

2.—Usos

Os usos dos espazos son para cerimonias civil e relixiosa, eventos sociais ou culturais, xornadas, seminarios, entre outras posibles actividades. As seguintes actividades non son aptas para a cesión dos espazos:

- As actividades con ánimo de lucro que supoñan un pago polos usuarios para a entrada á actividade ou calquera outro concepto.
- As actividades que poñan en perigo a integridade do Castelo de Soutomaior ou o seu contido, polo seu volume de ruído, porque poidan implicar conductas vandálicas ou por calquera outro motivo.
- As que poñan en perigo a integridade física dos traballadores e dos asistentes.

3.—Condicións xerais

Os solicitantes, como titulares da actividade, atenderán ás seguintes condicións xerais:

- Asumir o compromiso de facer un bo uso destes espazos de forma que unha vez finalizado o uso, estas presenten as mesmas condicións nas que estaban ao inicio.
- A persoa que figure na solicitude como persoa de contacto comprometerase ao cumprimento destas normas por parte dos membros do grupo.
- Respectar os horarios nos cales foi autorizado a utilización do espazo, e no caso de que a actividade coincida con outros usos do Castelo, respectar as outras actividades que se desenvolven no mesmo evitando os ruídos, gritos, vibracións ou calquera outra causa que impida o seu bo funcionamento.
- Responsabilizarase de todos os gastos que xere a actividade, incluída a iluminación do escenario e da contratación do persoal técnico necesario para a súa realización.
- Cumprir coa lexislación vixente, especialmente en materia de emerxencias, protección do patrimonio, espectáculos públicos e actividades recreativas, sanidade, contratación, riscos laborais e protección do menor.
- Contratar e manter en vigor un seguro durante o exercicio da actividade que cubra a responsabilidade civil por danos corporais, materiais e consecuencias que se deriven ocasionadas a terceiras persoas. Ase mesmo, cando se trate dunha actividade de espectáculo público ou recreativa, o seguro deberá incluír a responsabilidade civil derivada dos danos ocasionados ao público asistente ou a terceiras persoas a causa de incendio e/ou explosión, de conformidade ca Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

Os capitais mínimos asegurados serán os que se indican na disposición adicional terceira da citada Lei en función do aforo, cun capital mínimo por vítima de 150.000€:

— Ata 100 persoas, capital mínimo de 300.000€

— De 102 a 250 persoas, capital mínimo de 600.000€

— De 251 a 500 persoas, capital mínimo de 900.000€

— De 501 a 1.000 persoas, capital mínimo de 1.200.000€

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:KW8T0YA6N0O2IZZL

- Responsabilizaranse dos contidos da actividade, respectando en todo momento a normativa en materia de propiedade intelectual, asumindo o pago que corresponda en concepto de dereitos de autor e, se procede, a obtención de autorización para a comunicación pública de contidos protexidos.
- No caso de cerimonias civís e relixiosas soamente se permite arroxar arroz, serpentinas, flores, etc., unha vez pasada a muralla. Ase mesmo, o acompañamento musical para a cerimonia non pode exceder no nivel de decibelios permitido.

4.—Solicitude

- A cesión de uso debe solicitarse segundo se dispón nesta ordenanza e atendendo ase mesmo ao regulado na ordenanza fiscal do Castelo de Soutomaior.
- As solicitudes deberanse realizar cunha antelación mínima de 30 días e a Deputación de Pontevedra notificará se procede a mesma nun prazo máximo de cinco días hábiles. Nesa notificación indicarase o período de pago e, no caso de que non se realice nese prazo entenderase desistida a solicitude.
- A autorización considerarase efectiva soamente cando, unha vez asinada a aceptación destas condicións de uso, o solicitante aboa a taxa para a utilización do espazo ou espazos solicitados e fai entrega do anexo normalizado en relación a aspectos técnicos e de desenvolvemento da actividade.

5.—Anulacións

- Poderase anular a cesión de uso por motivo de incumprimento dalgunha das condicións de uso, perdendo a persoa solicitante o dereito á devolución e calquera indemnización. No caso de incumprimento inxustificado perderase o dereito a ceder o espazo en ocasións futuras.
- No caso de que o interesado anule a reserva perderase o dereito da cantidade abonada.
- A anulación da actividade por causas meteorolóxicas dará dereito a ceder o mesmo espazo noutra data sempre e cando estea dispoñible e de non ser posible devolverase o 50%.
- Por causas de forza maior ou imputables á Deputación de Pontevedra, o solicitante terá dereito á devolución íntegra.

6.—Protección do patrimonio

Os solicitantes, como titulares da actividade, atenderán ás seguintes condicións relacionadas coa protección do patrimonio:

- Respectar a prohibición de colocar dentro ou fóra do Castelo calquera instalación que poida poñer en perigo a súa conservación, atente contra os seus valores estéticos, ou que impliquen un prexuízo ou unha alteración da súa contemplación ou do goce medioambiental da contorna.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:KW8T0YA6N0O2IZZL

- Non se pode instalar ningunha publicidade comercial, nin decorados por motivo da celebración de vodas tanto na Sala do Tapiz como na fachada do Castelo de cara ao Patio de Armas, salvo displays ou paneis exentos.
- Respectarase escrupulosamente a integridade de todos os elementos ornamentais ou arquitectónicos, quedando expresamente prohibidos os anclaxes que supoñan perforación ou deterioro, así como, as tensións ou pesos excesivos sobre calquera elemento e usos degradantes das condicións patrimoniais.
- Terase que pedir autorización para a instalación de calquera estrutura ou elemento necesarios para os equipos de son, iluminación ou audiovisuais. Todos os elementos verticais teñen que ser autoportantes e en ningún caso se poderán anclar aos muros do Castelo nin cravar no chan.

7.—Seguridade e emerxencias

Os solicitantes, como titulares da actividade, atenderán as seguintes condicións relacionadas coa seguridade e emerxencias:

- Dispoñer de persoal encargado de vixilancia e seguridade segundo o establecido no artigo 15 da Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, no seu caso.
- Non se pode utilizar material pirotécnico en todo o parque do Castelo, incluídos fachos, velas decorativas, etc.
- En canto á lexislación de emerxencias, se está obrigado a aterse ao plan de emerxencias do Castelo, respectando a capacidade máxima dos espazos cedidos.
- Tense que respectar a prohibición de fumar dentro do Castelo, incluídas as murallas.
- O titular da actividade é responsable da custodia dos equipos que se leven ao Castelo para a realización da actividade. A Deputación de Pontevedra non se fai responsable dos obxectos que se deixen no Castelo no caso de perda, roubo, incendio, mal uso ou calquera outro dano.

8.—Sanidade e limpeza

- A Deputación de Pontevedra pon a disposición dos solicitantes os espazos limpos, listos para o seu uso ou, no seu caso, montaxe. Polo que, os solicitantes deberán manter limpos ditos espazos e deixalos, unha vez finalizado o acto, no mesmo bo estado en que foron cedidos.
- Por salubridade e protección medioambiental os solicitantes se comprometen a:
    - Non deixar ningún resto de comida ou bebida en ningún dos espazos utilizados para a actividade.
    - Responsabilizarse da limpeza dos espazos cedidos despois da actividade, incluídos os baños públicos.
    - Non deixar ningún residuo nos espazos utilizados, como caixas valeiras, material de difusión, latas, vestiario, botellas, elemento de decoración, etc. É dicir, todo aquel material que no se encontrase no espazo ocupado antes da realización da actividade.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:KW8T0YA6N0O2IZZL

9.—Loxística

- Para que se poida compatibilizar a actividade coas propias do Castelo, o solicitante terá que concretar con tempo suficiente o modelo normalizado en relación a aspectos técnicos de montaxe e desmontaxe para a súa autorización pola Deputación de Pontevedra, onde se especificarán:
    - As necesidades técnicas de potencia, son, iluminación e audiovisuais.
    - Listado das empresas responsables do son e iluminación.
    - En caso de que sexa necesario, a localización dos posibles equipos de potencia, iluminación ou calquera outro para a realización da actividade.
    - Os horarios de descarga, montaxe, desmontaxe e carga para a actividade.
    - Listado de todas as empresas que participarán na actividade nas fases de montaxe e desmontaxe.
    - Listado de todo o persoal e empresas que por calquera razón deba traballar na actividade, indicando: nome, profesión e oficio-cargo.
    - O número de persoas que participarán.
    - Necesidades de mobiliario pertencente ao Castelo. Neste caso, os solicitantes deben ter en conta que se encargarán da mobilización do mesmo nas condicións de horario que indique a Deputación de Pontevedra e baixo a supervisión de persoal de vixilancia do Castelo.
    - Relación das matrículas dos vehículos que necesitan entrar no Castelo para a montaxe, desenvolvemento e desmontaxe.
    - Calquera outra que se precise en función das características da actividade.
- Os horarios de montaxe serán establecidos pola Deputación de Pontevedra dependendo das actividades. En todo caso, as montaxes deberán realizarse no horario de peche ao público (entre as 8 e 10 da maña) e a desmontaxe unha vez finalizada a actividade. As entrada e saídas dos vehículos autorizados serán polos lugares establecidos pola Deputación de Pontevedra.
- Unha vez realizada a actividade o titular responsabilizarase de retirar inmediatamente todos os elementos que instale para a actividade se interfiren coa circulación do Castelo e o recorrido establecido para a súa visita.
- Despois de cada evento realizado, no caso da Sala do Tapiz e sempre e cando o acto teña lugar en días consecutivos, non será necesario retirar a totalidade do material utilizado para a actividade. No caso do Patio de Armas, se deberán retirar os elementos necesarios, inmediatamente despois da finalización da actividade.
- Se a actividade se realiza no Patio de Armas do Castelo se esixe a desmontaxe do escenario e/ou mobiliario instalado unha vez finalizada a mesma. Se nese mesmo día coinciden dous ou mais actos do mesmo solicitante, deberá realizar a desmontaxe ao finalizar cada unha, asumindo todos os gastos deste montaxe e do montaxe posterior para a seguinte actividade, no seu caso. Non se permite a almacenaxe no Castelo.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:KW8T0YA6N0O2IZZL

- O persoal da Deputación de Pontevedra que designe a xefatura de servizo será o único encargado de realizar, supervisar ou autorizar calquera conexión eléctrica, no caso de ser necesaria a utilización de fontes de enerxía ou calquera outra cuestión relacionada coa actividade.

10.—Incumprimento

As infraccións derivadas destas condicións de uso graduaranse segundo a seguinte clasificación en moi graves, graves ou leves, e conlevaran a correspondente sanción:

- Son infraccións moi graves as seguintes:
  - O impedimento do uso de calquera dos servizos que se prestan no Castelo por outra u outras persoas con dereito a súa utilización.
  - O impedimento ou a grave e relevante obstrución ao normal funcionamento dos servizo prestados no Castelo, e en particular os relacionados co aforo das diferentes estancias.
  - Os actos de deterioro grave e relevante de equipamentos, infraestruturas, instalacións ou elementos do Castelo ou da musealización do mesmo.
  - O incumprimento das ordes ou requirimentos formulados polas autoridades provinciais ou os seus responsables en directa aplicación da presente ordenanza.
  - A comisión de dúas faltas graves no prazo dun ano, cando se sancionou a primeira delas por resolución firme en vía administrativa.

Estas infraccións supoñen unha sanción de perda de dereito de volver a ser autorizado para a cesión de espazos no Castelo durante un ano.

- Son infraccións graves::
  - As que afectan a intensidade da perturbación causada tanto na salubridade como no ornato públicos, entendendo como tal os que afectan directamente a imaxe do Castelo e das súas instalacións, debendo cumprise estritamente as condiciones de uso dos espazos neste senso.
  - As que non respecten as condicións de uso asinadas e afecten a intensidade do uso do servicio publico por terceiros, e as perturbacións ocasionadas ó normal funcionamento dos servizos que garante esta ordenanza.
  - A comisión de dúas faltas leves no prazo dun ano cando se sancionou a primeira delas por resolución firme en vía administrativa.

Estas infraccións supoñen unha sanción de perda de dereito de volver a ser autorizado para a cesión de espazos no Castelo durante tres meses.

- Son infraccións leves as seguintes:
  - As cometidas por simple descoido ou neglixencia leve, que supoñan a vulneración do disposto na presente ordenanza e repercutan na idónea convivencia cidadá, e na prestación dos servizos e actividades reflectidos no artigo 5 desta ordenanza.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:KW8T0YA6N0O2IZZL

- Calquera das condutas reguladas nos artigos anteriores que non revistan a condición de moi graves ou graves.

Estas infraccións supoñen unha sanción de perda de dereito de volver a ser autorizado para a cesión de espazos no Castelo durante un mes.

Esta Ordenanza non entrará vigor ata que transcorra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985.

Contra este acordo poderá interporse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ó da súa publicación (artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), e todo iso sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente e sexa conforme a Dereito.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Pontevedra, 31 de outubro de 2018

O Secretario.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:KW8T0YA6N0O2IZZL